

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Aria, unha tempestaria asturiana do século XII

Nun manuscrito de finais do século XII ou principios do XIII coñecido como “*Narratio de Reliquias a Ilyerassolyma Ovetum usque translatis*” no que se narra o traslado das Santas Reliquias de Xerusalén a Oviedo, fálase da primeira nubeira asturiana da que hai noticia, unha muller chamada Aria que declara que na súa vida pagá exercera como *tempestiaria*. A tal Aria, logo de ser exorcizada e bautizada na catedral de San Salvador polo bispo Gunscellus, conta que uns sete anos antes viaxara polos aires gobernando o trebón e provocara en pleno agosto unha treboada tan grande sobre Oviedo que lles chegaba a auga ata os xeonllos aos veciños.



BIBLIOGRAFÍA

Bernardo Román MACÍAS PISANO. *Tempestarios en el Noroeste Peninsular*, en www.celtiberia.net.